



Federación de Traballadores
do Ensino
Comisión Executiva Nacional



man a man
Polos teus dereitos

Membro fundador da IE e afiliado ó CSEE

FETE INFORMA PROFESORADO DE RELIXIÓN

FETE-UGT CONSEGUE ELECCIÓN PROPIAS DO PROFESORADO LABORAL DOCENTE, PROFESORES DE RELIXIÓN. ASUMINDO ASÍ O SEU COMPROMISO E DANDO RESPOSTA A UNHA DEMANDA LABORAL HISTÓRICA DESTE COLECTIVO.

Este mércores, 11 de xaneiro, tivo lugar a xuntanza do Comité Intercentros de Persoal Laboral; no mesmo, e dentro da Orde do Día, FETE-UGT, establece o seguinte punto: **Eleccións propias do profesorado de relixión.**

Asisten en representación de UGT: Ángeles Villarnovo, Secretaria de Persoal Laboral da FETE-UGT/Galicia e Ricardo Turnes, Secretario de Acción Sindical, Formación e Emprego de UGT-Compostela e delegado de persoal do Comité de empresa na Provincia da Coruña. Xunto a eles os compañeiros da Federación de Servizos Públicos (FSP-UGT), que son membros do Comité Intercentros.

O presidente do Comité pide ao representante de UGT, Ricardo Turnes, que esboce a súa proposta para sometela a votación, concedendo quenda de palabra ao resto dos sindicatos representados no Comité.

UGT: A condición docente deste profesorado fai que o marco de aplicación, dentro das mesas de negociación saia dos Comités de Empresa de Persoal Laboral e derive á Mesa Sectorial de Ensino Público, onde se recollen as Ordes que regulan a natureza laboral e docente deste colectivo. Se a isto se lle engade que a propia LOE, na súa disposición adicional terceira e o propio Estatuto dos Traballadores, reflicten a órganos de representación propios, con delegados propios, atopámonos cun claro desaxuste entre os seus lexítimos intereses, coma traballadores/as e docentes que son, e o ámbito de negociación e representatividade. Polo que, **se solicita o apoio á proposta feita pola FETE-UGT, a cal consolida os dereitos deste colectivo.** Proposta defendida por UGT dende o ano 2004, seguindo a súa liña de coherencia e de fortalecemento dos dereitos dos traballadores do colectivo.

CC.OO: intervén o representante deste sindicato explicando a súa total negativa a apoiar esta proposta, argumentando entre outras razóns ás seguintes:



- A maioría do profesorado, ao cal representan, non quere unhas eleccións propias.
- Non é unha proposta democrática, senón imposta dende algún sitio.
- A proposta non se presentou a ningún comité de persoal laboral.
- É unha proposta que condena ao profesorado de relixión a saír do seu marco natural que é o persoal laboral. É coma unha expulsión do profesorado de relixión [...].

CIG: ve razoable a proposta de UGT, brinda o seu apoio e voto positivo.

CSIF: opta pola abstención.

O representante de **UGT**, pide a palabra para clarear algúns aspectos, que inciden en manipulacións interesadas:

- CC.OO non posúe a maioría deste colectivo, nin a representatividade maioritaria do mesmo. As eleccións gañounas UGT e isto lexítimanos a trasladar o sentir do propio colectivo, que é a consolidación dun proceso electoral propio.
- Si que é unha proposta democrática, posto que se traslada ao órgano coordinador e soberano dos Comités Provinciais, o Comité Intercentros e, asemade, sendo sometida a unha votación de carácter democrático.
- A proposta libera e dá folgos a un profesorado que agora xa sabe onde se encadra e que defenderá os seus lexítimos dereitos de maneira clara e contundente. Por outra banda, incídese que é profesorado de relixión, que non de relixións, a LOE non o recolle así.

Para non entrar en rúelas sen saída, pídesse que se someta a votación, sendo o resultado o seguinte:

A favor: CIG e UGT
Encontra: CC.OO
Abstención: CSIF

Con isto, **por maioría, queda aprobada a proposta da FETE-UGT.**

Dende a **FETE-UGT**, animamos a outras organizacións coma AMPE, SIPREGA e á mesma Asociación Profesional de Profesores de Relixión de Galicia, aínda que non formen parte do Comité Intercentros, a que secunden esta iniciativa que posibilita un rúeiro definido para dar unha resposta, máis directa e clara ás nosas reivindicacións.

FETE-UGT/GALICIA